

E. Fernández Rei (2004): “O ensino da fonética galega a castelanfalantes: problemas e métodos”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 2, 443-452.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

O ENSINO DE FONÉTICA GALEGA A CASTELANFALANTES: PROBLEMAS E MÉTODOS

Elisa Fernández Rei

Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”

1. INTRODUCCIÓN

A adquisición da lingua materna, se non se dá ningunha circunstancia excepcional, como unha diminución física ou psíquica, lévase a cabo, de maneira natural, durante os primeiros anos da nosa existencia, mediante a exposición continuada a mensaxes emitidas nun contexto real e a través da continua exercitación. Polo contrario, a aprendizaxe dunha nova lingua, polo xeral, supón para o individuo unha decisión consciente, en tanto que ten que desenvolver un proceso de reeducación audio-motriz e conceptual (Moure e Palacios, 1996, p. 48).

Así a todo, a aprendizaxe dunha lingua allea á materna non se realiza necesariamente como consecuencia dunha decisión consciente do individuo, senón que se pode adquirir en distintos ámbitos e por diversos medios: mediante a inmersión nunha comunidade lingüística distinta da que se procede orixinariamente; na propia casa, nos casos de exposición temperá a situacións de bilingüismo; nas comunidades diglósicas, onde o individuo adquire a “variante oficial” a instancias da escola, da Administración ou dos medios de comunicación; etc. Pola contra, a escola ou o ámbito académico en xeral é o lugar idóneo para a adquisición consciente desta segunda lingua.

Acabamos de presentar, de maneira sucinta, as circunstancias en que habitualmente se dá a aprendizaxe dunha segunda lingua, sen embargo, o caso do galego é particular e aglutina en certa maneira o exposto ata agora. En primeiro lugar, é a lingua propia da nosa comunidade, pero non é a lingua “normal”, polo que non se produce a consabida inmersión dos falantes doutras linguas, neste caso dos falantes de castelán: estes, con frecuencia, non chegan a ter unha competencia activa no idioma propio da comunidade en que viven, senón que adquiren unha competencia pasiva proveniente do contacto máis ou menos habitual con ela. En segundo lugar, o galego é materia obrigada nos

programas de ensino preuniversitario, polo que as últimas xeracións de galegos, galego-falantes ou non, deben posuír competencia activa, oral e mais escrita. Deste xeito, o galego funciona en boa medida do mesmo xeito que nas comunidades diglósicas, en tanto que é variante cooficial e, en consecuencia, ten presenza na Administración, nos medios de comunicación, na escola... pero, ó mesmo tempo, non funciona exactamente como unha lingua propia da sociedade en que se desenvolve.

Por outra parte, este contacto continuo entre galego e castelán provoca interferencias a nivel léxico, gramatical e, claro está, tamén fonético. Estas interferencias fonéticas maniféstanse no feito de que a maior parte dos falantes en Galicia pertence ó grupo dos que falan castelán con “acento” galego ou ó grupo dos que falan galego con “acento” castelán. O centro do noso interese son estes últimos, quen, ó contrario do que acontece nas comunidades de inmigrantes, polo menos nas segundas xeracións, non adquiren a fonética da segunda lingua por inmersión, como xa apuntamos, senón que deben levar a cabo a aprendizaxe no ámbito académico, a través duns métodos específicos: “(...) sin la voluntad de aprendizaje ni las coordenadas ambientales adecuadas toda lengua se adquiere a costa de la primera, con la que entrará en perpetua interferencia” (Moure e Palacios, 1996, p. 50).

Así pois, en primeiro lugar, trataremos de resalta-las principais dificultades que atopa o alumno de lingua materna castelá á hora de encara-la aprendizaxe da pronuncia galega, para o que imos compara-los sistemas fonéticos de ámbalas dúas linguas.

En segundo lugar, unha vez establecidas as diferencias, a atención débese dirixir cara á corrección dos hábitos articulatorios do alumno e á reeducación do seu oído: ten que aprender non só a pronunciar aqueles sons que son alleos á súa lingua (por exemplo, [f] ou [ɲ]), senón tamén a percibi-las diferencias entre estes sons descoñecidos para el ata o momento (*presa / présa* ou *susto / xusto*). Para conseguir estes obxectivos e que a súa fala se achegue o máis posible á dun nativo, cómpren un método e materiais que permitan levar a cabo esta aprendizaxe.

Para rematarmos esta introducción, é importante sinala-la situación das dúas disciplinas que nos interesan polo que respecta ó galego: a didáctica da lingua e maila fonética. No que atinxe á primeira, existen traballos que perseguen obxectivos parciais, como a adquisición de léxico, a práctica de determinadas construcións gramaticais... pero non están desenvolvidos métodos globais verdadeiramente efectivos, nin para castelanfalantes nin para falantes doutras linguas. En canto ós métodos para a aprendizaxe da pronuncia, son simplemente inexistentes¹. Polo que se refire á segunda disciplina, a fonética, tanto segmental como suprasegmental, as carencias non son poucas, xa que non existe ningunha descrición, nin articulatoria nin acústica suficientemente exhaustiva.

¹ Despois da presentación desta comunicación viu a luz un manual de pronuncia: X. L. Regueira (coord.): *Os sons da Lingua*, Vigo, Xerais, 1998.

Antes de comezar a describi-las diferencias que presentan as fonéticas destas dúas linguas, debemos tratar outro problema que lle afecta a calquera aprendiz de galego, sexa cal sexa a súa lingua materna: o da norma fonética. Como é coñecido por todos, aínda que existen unhas normas morfolóxicas e ortográficas (vid. Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega, 1982), non existe nada semellante para a fonética. Cando nos referimos á “norma fonética” estamos a pensar nun concepto xa exposto por Regueira: “(...) non entendo ese modelo como unha especie de ‘normativa fonética’ que nos indique unhas pronuncias como correctas e outras como incorrectas, senón que debería tratarse, ó meu entender, dunhas pautas de boa pronuncia que serían útiles no ensino da lingua a persoas non galegofalantes ou en certos ámbitos dos medios de comunicación oral, por exemplo” (Regueira, 1994, p. 54).

Estamos, xa que logo, ante un problema que excede os límites do que estrictamente se considera aprendizaxe da fonética: esta consiste na adquisición dos sons da lingua (saber pronuncialos e distinguilos), mentres que a pronuncia admitida como correcta e normal dun fonema ou dunha serie de fonemas (palabras) pertence ó ámbito da ortofonía.

Non imos tratar máis por extenso esta cuestión, aínda que ten unha magnitude considerable, non só polos moitos casos ós que afecta, senón tamén porque hai algúns exemplos nos que sería discutible levar a cabo unha planificación, pois parece claro que a comunidade de falantes xa tomou unha decisión ó respecto: poñamos por exemplo os casos do seseo e mais da gheada, que non aparecen nunca ou moi raramente en contextos cultos e en niveis formais. No vocalismo queda por decidi-lo timbre das vocais medias tónicas nas variantes diatópicas en xeral, nas palabras patrimoniais que sofren alteracións tales como a metafonía nominal ou o peche da vocal tónica por influencia da nasal trabando sílaba, na adaptación de cultismos e préstamos... En canto ó consonantismo, á parte dos xa mencionados fenómenos da gheada ou do seseo, hai outros aspectos como as realizacións das consoantes en posición implosiva para os que conviría facer algunha proposta.

2.1. VOCALISMO

Como é ben sabido, o vocalismo galego, en posición tónica e pretónica, presenta unha oposición fonolóxica de timbre nas vocais de grao medio tanto da serie anterior, /e/ - /e/, como da serie posterior, /ɔ/ - /o/. Esta oposición non existe en castelán e as vocais medias son unicamente /e/ e /o/, pero non hai acordo entre os autores á hora de determina-las realizacións destes fonemas. Navarro Tomás, por exemplo, fala de alófonos abertos e pechados en distribución complementaria: as realizacións pechadas, [e] e [o],

aparecerían preferentemente en sílaba libre tónica e ante consoantes palatais, mentres que as abertas, [ɛ] e [ɔ], aparecerían polo xeral en sílaba trabada, en contacto con vibrante ou ante consoantes velares (Navarro Tomás, 1985, pp. 52-60). Sen embargo, hai outros estudiosos, como Quilis, que consideran que en español os cinco fonemas vocálicos presentan só cinco alófonos orais e cinco nasais en distribución complementaria²: “(...) muchos trabajos, relativamente recientes, han puesto y siguen poniendo de relieve que, aunque lógicamente, en español, se producen realizaciones más o menos abiertas de cada fonema vocálico, el número de estas realizaciones para cada fonema es más bien reducido, con grados de abertura o cierre no muy grandes y, sobre todo, que, *en condiciones normales, las realizaciones de los fonemas vocálicos españoles no se producen en distribución complementaria*” [ítila do autor] (Quilis, 1993, p. 145).

Aínda admitindo que estes dous graos de abertura existen en castelán como realización contextuais, parece que estas están máis próximas entre si e que se sitúan nun punto intermedio entre os [ɛ] - [e] e [ɔ] - [o] galegos: “Puede decirse que en pronunciación española no existe una *o* propiamente cerrada. En este caso, como en el de la *e*, lo que llamamos cerrado en español representa una modalidad del sonido menos distante del tipo abierto que en otros idiomas” (Navarro Tomás, 1985, p. 58).

Tamén se pode considera-la existencia de dous graos de abertura na vocal central, xa que, con independencia da súa interpretación fonolóxica, perceptivamente é relevante a distinción entre a realización central aberta [a] e a outra realización máis longa ou máis aberta [a:]. Este último son é a pronuncia que lle corresponde a *á* (contracción da preposición ‘a’ máis o artigo feminino ‘a’), amais de se-lo resultado das múltiples contraccións que se dan na fala por fonética sintáctica e das que falaremos máis adiante³. Esta diferencia entre [a] e [a:] non existe en castelán, nin sequera contextualmente.

En canto ó vocalismo átono final, aínda que non hai estudos exhaustivos, parece que as vocais átonas finais galegas son moito máis relaxadas ca en castelán. O único autor que lle dedicou algunha atención a este problema foi Regueira (1994, pp. 44-52), quen caracteriza as vocais átonas finais por unha duración e unha frecuencia media inferiores á da tónica, polo ton descendente e por unha intensidade menor cás vocais precedentes. Ademais, pode aparecer totalmente enxordecida cando está trabada.

Ímonos deter a continuación nos ditongos: os máis abundantes e característicos do galego son os decrecentes, que raramente teñen vocal media aberta, mentres que os crecentes son escasos nas palabras patrimoniais e moi abundantes con vocal aberta nos castelanismos e mais nos cultismos: “[...] é xeral a neutralización dos dous fonemas palatais de abertura media. Nos ditongos *ie* e *ue* o máis frecuente é a realización [ɛ].

² Esta afirmación refírese ó español en xeral, xa que reconece a existencia de realizacións abertas en dialectos andaluces e hispanoamericanos.

³ Tamén aparece nalgúns áreas dialectais nas átonas iniciais de indefinidos e adverbios como *adiante*, *abondo*...

Cómpre dicir que estes dous ditongos non son característicos do galego, as palabras en que aparecen ou son préstamos ou son cultismos” (Ares Vázquez, 1994, pp. 137-138).

Aínda que non hai traballos que traten en profundidade a incidencia real deste fenómeno, hai que resaltar unha tendencia, máis pronunciada en galego ca en castelán, a evita-los tritongos, así como a converter en hiatos os ditongos crecentes en posición tónica.

Por último, hai que tomar en consideración as frecuentes contraccións que se dan na fala por fonética sintáctica: “No galego falado existe unha forte tendencia á contracción de certas secuencias de vocais finais e iniciais de palabras que quedan contiguas no discurso” (Regueira, 1994, p. 53). Estas contraccións danse entre vocais átonas finais e átonas iniciais (d’aquí, d’acordo, tróuxenll’o regalo...), átonas finais e tónicas (Pep’é da Fonsagrada, non ll’anda ben...), etc. Non son sistemáticas, porque dependen do tempo e do ritmo do discurso, así como do rexistro utilizado. Presentan, en cambio, unha maior sistematicidade no encontro de verbos máis pronome(s) átono(s): ‘míroo’ [miro:] / ‘mí-rao’ [mirɔ:]. Como se pode comprobar neste exemplo, a contracción provoca a aparición en posición postónica dunha vocal aberta oposta a unha vocal pechada, cando o xeral é que as vocais medias se realicen con timbre pechado nesta posición⁴. Isto presenta un problema fonolóxico que, por excederlos nosos obxectivos, nos limitamos a sinalar: normalmente só se recoñece a existencia de cinco ou tres fonemas, dependendo de que sexan postónico intermedio ou final respectivamente: “En posición postónica non final o número de fonemas redúcese a cinco, pois non se dá a oposición entre abertura media aberta e abertura media pechada coma no anterior /a, e, i, o, u/ (...) En posición postónica final o número de fonemas redúcese a tres, pola falta de oposición entre os fonemas da serie anterior e entre os da serie posterior /a, e, o/” (Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1989, pp. 18-19).

2.2. CONSONANTISMO

Sen dúbida un dos sons consonánticos que máis lle chama a atención a un falante de castelán que escoita por primeira vez galego é o fricativo prepalatal (ou lamino-post-alveolar) xordo, [ʃ], xa que non existe na súa lingua materna. Pronúnciase achegando o predorso da lingua á zona entre os alvéolos e o padal e deixando saí-lo aire entre os dentes. Este son sempre ocupa a posición explosiva da sílaba, inicial ou interior e a grafía que se emprega para representalo é {x}⁵.

⁴ Ademais, as vocais xurdidas da contracción son máis longas do habitual, de xeito que se produce unha nova oposición: ‘miro’ [miro] fronte a ‘míroo’ [miro:]. Con todo, esta oposición non se dá nas vocais de timbre aberto (*[ɔ] / [ɔ:]), dado que nunca aparecen vocais abertas en posición postónica interior de palabra.

⁵ A grafía {x}, amais de [ʃ], tamén se le [ks], pero isto non presenta moitas dificultades para un falante de castelán, xa que polo xeral a pronuncia [ks] vai coincidir na maior parte dos casos con palabras que en castelán se grafan e se len do mesmo xeito.

Outro fonema que non existe en castelán é o nasal velar /ŋ/. Denominámolo fonema e non imos entrar a discutir se se trata dun fonema ou non en galego, porque o que nos interesa agora é que en castelán este alófono aparece polo xeral diante de oclusivas velares, tanto en interior de palabra como entre palabras: “La *n* final de sílaba, en contacto con una consonante velar siguiente, se asimila en la conversación ordinaria, por lo que a la posición de la lengua se refiere, a la articulación de dicha consonante velar” (Navarro Tomás, 1985, p. 141).

Sen embargo, en galego, á parte de que haxa maior ou menor tendencia a face-las nasais máis velares ca interdentalizadas, dentalizadas... ante consoantes interdentaís, palataís... este son nasal velar aparece tamén en posición intervocálica interior de palabra (*unha, algunha, ningunha...*) e esta si é unha dificultade para os castelán-falantes. Así mesmo, presenta esta realización velar en posición final de palabra, o que provoca que por fonética sintáctica apareza de novo en posición intervocálica (por ex. [uŋa'miŋo]). En castelán tense falado da existencia, en determinadas áreas dialectais, dun son nasal velar nestas mesmas posicións: “La *n* final ante pausa es, generalmente, una *n* relajada en cuya articulación la lengua suele quedar adherida a los alvéolos más tiempo del que duran la presión del aire espirado y las vibraciones vocálicas (...) muchas personas, acaso por influencia dialectal, pronuncian en estos casos, en vez de la *n*, una *ŋ* velar” (Navarro Tomás, 1985, p. 112). Quilis (1993, pp. 239-242) tamén lle dedica un capítulo enteiro á velarización da nasal en posición final de palabra ante pausa ou vocal e fala da súa existencia tanto en Hispanoamérica como na Península Ibérica (Andalucía, Madrid...) e en Canarias.

En canto á realización alveolar que se dá ante o pronome átono ([nono'kero]) cómpre destaca-la resilabificación se produce, de xeito que a nasal deixa de estar en posición implosiva e pasa a unha posición explosiva. Existen dialectalmente realizacións alveolares ante artigo, pero non son tan xerais como diante do pronome átono.

Por último, hai un fenómeno moi estendido en galego, o yeísmo, presente tamén en castelán en certas áreas dialectais⁶, que consiste na evolución do son tradicional [ʎ], lateral palatal, cara a un son oclusivo⁷ palatal. En castelán existe unha oposición fonolóxica entre /ʎ/ (malla) e /j/ (maya), polo que nas áreas yeístas o que se produce é unha desfonoloxización. En galego, sen embargo, non existía o son oclusivo palatal [j] e este só aparece como substituto do lateral [ʎ], non da semiconsoante [j], polo que a deslateralización de [ʎ] non ten repercusións estruturais no sistema fonolóxico.

⁶ “Las regiones más yeístas de España son Extremadura, Murcia, Andalucía y Canarias, sin que tampoco en estas regiones el yeísmo sea forma única y exclusiva (...) La vaga y antigua opinión de que toda la América de lengua española es yeísta tropieza cada día con alguna rectificación importante” (Navarro Tomás, 1985, p. 135). Quilis (1993, pp. 316-317) achega datos de estudos máis recentes, pero só para puntualizar aspectos xa expostos anteriormente por Navarro Tomás en diversos traballos.

⁷ Asignámolle un modo de articulación oclusivo para simplificar, aínda que temos constancia de que a realización deste fonema non é sistematicamente oclusiva, senón que tamén poden aparecer realizacións africadas e mesmo aproximantes.

Non parece, pois, que este son presente ningún problema para os falantes de castelán, xa que se son non-yeístas poden usa-lo son tradicional e se son yeístas o son oclusivo palatal. De tódolos xeitos, habería que ter unha descrición máis pormenorizada deste fenómeno en galego, para sabermos se o yeísmo presenta nas dúas linguas as mesmas realizacións e se estas teñen a mesma distribución.

3. A ENTOACIÓ

A entoación galega está moi pouco estudiaada e non contamos máis que con algún artigo publicado nos anos setenta e dúas memorias de licenciatura lidas nestes últimos anos. Entre eses artigos está o de Prieto Alonso (1972, pp. 431-437), quen, amais de tratar problemas de fonoloxía, achega unha definición de entoación e o que considera que son os trazos distintivos dos contornos tonais en galego. Dunha maneira algo máis detallada, Blanco Carril (1973, pp. 95-101) caracteriza os distintos tipos de enunciados (afirmativos, interrogativos, exclamativos, imperativos e disxuntivos). Porto Dapena (1977, pp. 41-49), pola súa parte, dedícalle un capítulo do seu libro á caracterización acústica dos distintos enunciados, utilizando a medición do décimo harmónico nun espectrograma de banda estreita. En canto ás memorias de licenciatura, son dúas descrições acústicas baseadas fundamentalmente no estudio da frecuencia fundamental: a primeira só se ocupa das interrogativas (Fernández Rei, 1995) e a segunda circunscríbese á área dialectal do Baixo Miño (Sobrino Pérez, 1997).

Así mesmo, como xa ocorrera no ámbito da fonética segmental, volvemos atopalo problema da norma e da escolla entre as distintas variantes internas⁸, polo que sería de grande utilidade chegar a un conxunto de patróns entoativos estándar que servisen de orientación. Actualmente están en curso traballos de investigación arredor da síntese de voz que poden fornecer información moi valiosa arredor desta cuestión⁹. En todo caso, para contribuír ós obxectivos deste traballo e facer unha comparación non moi exhaustiva co castelán, imos basearnos, sobre todo, nos datos recollidos por nós.

A entoación non só é un elemento característico das linguas, na medida en que lles proporciona a súa “melodía” particular, senón que tamén cumpre en moitos casos unha función distintiva: opón modalidades oracionais (por exemplo, as enunciativas fronte ás interrogativas totais). Así pois, imos facer un repaso das principais modalidades oracionais nas dúas linguas e compara-los patróns de cada unha delas, pero sen entrarmos en detalles, xa que falta un estudio máis profundo da entoación e mesmo das súas variantes dialectais.

⁸ Na memoria de licenciatura á que nos referimos antes (Sobrino Pérez, 1997) aparecen patróns que difiren bastante dos recollidos por nós en falantes doutras áreas dialectais galegas.

⁹ No Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” estase a elaborar un sintetizador de voz para o galego, no que participan un equipo de lingüistas do propio centro e outro de enxeñeiros de telecomunicación da Universidade de Vigo.

Os enunciados declarativos caracterízanse por un ton medio e un final descendente: dáse un descenso progresivo a partir da primeira sílaba acentuada. Para o castelán propónse un patrón moi semellante (Quilis, 1981).

No caso das interrogativas totais, os contornos de entoación varían moito máis dunha lingua a outra: en galego teñen no inicio da cláusula unha frecuencia fundamental moi elevada, que se mantén ata a última sílaba acentuada, onde baixa e presenta un ton final descendente. Quilis (1981, pp. 418-419) apunta que, en castelán, estes enunciados se caracterizan por presentaren un ton final con dirección ascendente (o que el denomina *xuntura terminal* ascendente), precedida dun nivel tonal medio. O diferente patrón das interrogativas totais en galego e mais en castelán é, se cadra, o trazo máis rechamante e coñecido, amais de ser especialmente relevante nestes enunciados, nos que a entoación cumpre unha función distintiva.

As interrogativas parciais tamén teñen un ton final descendente en galego, pero este descenso, ó contrario do que sucedía nas totais, prodúcese a partir da primeira sílaba acentuada. En castelán, sen embargo, presentan unha xuntura terminal descendente, precedida de niveis tonais baixos (Quilis, 1981, pp. 419-420).

Para finalizar con este apartado dedicado á entoación, deterémonos brevemente nos enunciados exclamativos e imperativos, que se caracterizan, segundo Ramón B. Carril (1973, pp. 99-100) por un nivel tonal alto no comezo, coma os interrogativos, pero que se distinguen destes en que o nivel tonal final é máis baixo. Quilis (1981, pp. 442-443) fai unha descrición moi semellante para o español. Con todo, hai que ter en conta que, polo propio carácter das exclamacións, seguramente as variantes son moitas e están condicionadas por múltiples matices expresivos.

4. MÉTODOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

Nas formulacións máis tradicionais do ensino de linguas primaba a compoñente escrita sobre a oral, de xeito que non se produciron achegas importantes na aprendizaxe da pronuncia. Sen embargo, coa chegada doutros métodos, como o audio-lingual, apareceron exercicios de cuño conductista, consistentes na presentación ó alumno, previa a toda explicación, duns modelos prácticos que se interiorizaban por repetición, o que permitiu comezar a traballa-la vertente fonética. Por fin, as formulacións comunicativas conseguiron que a aprendizaxe superase a simple repetición de modelos e que o alumno fose quen, desde os niveis máis baixos, de participar en conversacións ou de crear diálogos atendendo ós seus centros de interese. Así a todo, a auténtica revolución no ensino da pronuncia deuse gracias á grande innovación tecnolóxica que supuxo o magnetófono primeiro e o vídeo e mailo ordenador máis tarde.

Non existen materiais elaborados especificamente para a aprendizaxe da pronuncia galega, se ben contamos con dúas publicacións que presentan material sonoro: o Edigal

(Colectivo Albariza, 1994), que contén tres casetes nos que se len os diálogos recollidos no texto, o que permite realizar actividades de comprensión oral e tamén de repetición para a imitación da pronuncia e da entoación; e o de Cítania (Castro e Gullón, 1995), que inclúe seis discos compactos, onde se fai un percorrido pola historia da lingua da literatura e se dan explicacións de tipo gramatical, pero que non presenta exercicios para a práctica da pronuncia.

Daquela, habería que elaborar dous tipos de material, un para a aprendizaxe da correcta pronuncia dos sons e outro para a aprendizaxe da entoación. O máis barato e de máis fácil difusión serían as gravacións en soporte magnético, que permitirían tanto o uso doméstico, como en laboratorios de fonética: o alumno podería compara-la súa pronuncia coa dun patrón dado e escoita-las veces que quixese a correcta articulación dos sons.

Para o ensino da entoación poderíanse utilizar moitos dos programas de ordenador empregados habitualmente na investigación acústica, xa que permiten a gravación e reprodución de varios enunciados, así como o cálculo e visualización de curvas de frecuencia fundamental¹⁰. Gracias a eles, o alumno podería ter un enunciado de referencia (gravado e representado nun gráfico) e mais gravar e visualiza-los seus propios enunciados para comparalos e intentar reproducir-los modelos.

Existen outros aparellos, tales como os palatógrafos, que son utilizados, entre outras cousas, para os estudos de fonética articulatória e que axudarían a corrixi-las deficiencias de articulación, pero estes son moito máis custosos e requiren unha atención moito máis individualizada¹¹.

5. CONCLUSIÓNS

Un dos problemas fundamentais que atopamos á hora de confeccionar material didáctico en xeral é a precariedade en que se atopan as investigacións de fonética no noso país, xa que necesitamos ter unha descrición detallada dabondo da nosa fonética para lles poder aprende-la pronuncia máis correcta posible ás persoas que se acheguen á nosa lingua.

Outro importante atranco é a falta de infraestrutura para a aprendizaxe: habitualmente os grupos de alumnos son moi grandes, non se conta con laboratorio de fonética dispoñible e moito menos con ordenadores persoais.

Así a todo, cremos que hai traballo que xa estamos en disposición de realizar, malia a precariedade da investigación, a inexistencia dunhas orientacións ortofónicas e as deficiencias infraestructurais.

¹⁰ Por exemplo, o SFS (*Speech Filing System*) do University College of London permite facer todo isto e, ademais, é software libre.

¹¹ De feito, empréganse principalmente para a corrección de moitas patoloxías lingüísticas.

Por último, cómpre sinalar unha vía a explorar, utilizada xa por outras linguas, a internet, dado que permite o acceso a ficheiros de voz onde hai demostracións das pronuncias. Ademais, este medio ten unha importante difusión, que aumentará no futuro segundo tódolos indicios.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, Rosario; Monteagudo, Henrique; Regueira, Xosé Luís, *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia, 1989².
- Blanco Carril, Ramón, “Miscelánea. Notas de entonación gallega”, *Revista de Filología Española* LVI/1-2, 1973, pp. 95-101.
- Castro Soliño, Dorinda e Gullón González, Rosa, *A palabra herdada*, Lugo, Citania de Publicacións, 1995.
- Colectivo Albariza, *Edigal Galego. Método audiovisual de aprendizaxe da lingua galega*, Santiago, Edigal, 1994² (edición corrixida e actualizada).
- Fernández Rei, Elisa, “Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas (totais e parciais) en galego”, comunicación presentada no *IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos*, Oxford, 1994 (actas en preparación).
- Fernández Rei, Elisa, *Aproximación á entoación dos enunciados interrogativos en galego. Estudio acústico*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago, 1995 (inédita).
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 1995¹² (edición revisada).
- Moure, Teresa e Palacios, Ignacio M., “La didáctica de linguas extranxeras: Lingüística aplicada en el ámbito académico”, en Fernández Pérez, Milagros (coord.), *Avances en Lingüística Aplicada*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1996.
- Navarro Tomás, Tomás, *Manual de pronunciación española*, Madrid, CSIC, 1985²².
- Porto Dapena, José Álvaro, *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, en *Anexos de Verba*, 9, 1977, pp. 41-49.
- Prieto Alonso, Domingo, “Un sistema fonolóxico trinario do galego e unha teoría da entonación”, *Grial* 38, 1972, pp. 431-437.
- Quilis, Antonio, *Fonética acústica de la lengua española*, Madrid, Gredos, 1981.
- Quilis, Antonio, *Tratado de fonología y fonética españolas*, Madrid, Gredos, 1993.
- Regueira Fernández, Xosé Luís, “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de Lingua* 10, 1994, pp. 37-60.
- Sobrinho Pérez, María dos Anxos, *A entoación do galego do Baixo Miño. Aproximación descritiva*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago, 1997 (inédita).